



AXUDAS SERVIZO DE COMEDOR **NOTIFICACIÓN ÁS FAMILIAS**

ORDE do 27 de marzo de 2020 (DOG nº 62 do luns 30 de marzo)

Axudas ás familias do alumnado que fai uso diario do servizo de comedor escolar de forma gratuíta ou só ten que aboar 1 (un) € polo menú.

CONTÍA DA AXUDA:

2,5 € diarios a cada alumno/-a que non aboe nada por comer no colexio.

1,5 € diarios a cada alumno/-a que aboe 1 (un) € diario por comer no colexio.

DURACIÓN DA AXUDA:

Os días que dure a suspensión do servizo de comedor escolar como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do Covid-19.

FORMA DE PAGO ÁS FAMILIAS:

1º aboamento: o correspondente a 13 días lectivos (dende o 16 de marzo ata o 3 de abril de 2020)

2º aboamento (se segue decretado o estado de alarma): o correspondente a 14 días lectivos (ata o día 1 de maio).

Poderase estender esta axuda, de persistir a supresión da actividade educativa nos colexios, a períodos posteriores (coa habilitación dos créditos orzamentarios precisos).

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Dende o 31 de marzo ata o 06 de abril de 2020, ambos os dous incluídos.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES:

Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) empregando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos por esta sede, incluído o sistema de usuario e chave 365 ([https://sede.xunta.gal/chave 365](https://sede.xunta.gal/chave365))

FAMILIAS QUE ACREDITEN DIFICULTADES PARA FORMALIZAR A SOLICITUDE:

Poderán solicitar axuda no colexio, segundo se especifica:

1. A través dos teléfonos: **988 788 896** ou **988 788 895**

HORARIO DE ATENCIÓN TELEFÓNICA: os días que se condiderarían lectivos (31 de marzo e 1, 2, 3 e 6 de abril de 2020) en horario de 10:00 h a 12:30 h



Se solicitan axuda telefónica teñan en conta que no centro so estará un membro do equipo directivo para atender as chamadas.

2. A través do correo electrónico: ceip.albino.nunez@edu.xunta.es

**OS DATOS QUE SE SOLICITARÁN ÁS FAMILIAS QUE SOLICITEN
AXUDA PARA A TRAMITACIÓN DA SOLICITUDE SERÁN:**

- a) Nome e apelidos do/a representante legal e nome, apelidos e curso do/a(s) alumno/a(s).
- b) DNI ou NIE da persoa representante legal do alumno/a(s) (titor/a).
- c) Condicións de beneficiarios de comedor (cantidade que aboa diariamente por comer no colexio).
- d) NÚMERO DE CONTA BANCARIA NO QUE SE QUERE RECIBIR O ABOAMENTO.

Se o/a representante do/a(s) alumno/a(s) non está disposto a facilitar algún destes datos debe solicitar a axuda na sede electrónica.

NON SE ATENDERÁ A NINGÚN/NINGUNHA REPRESENTANTE DO ALUMNADO DE FORMA PRESENCIAL NO COLEXIO.

Ourense, 30 de marzo de 2020